



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 209  
5 de outubro de 2021



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)] [81966](#)

###### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

#### Rexeitamento da toma en consideración

##### 11611 (11/PPLI-000001)

###### Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para a extraordinaria consolidación de emprego e adquisición de fixeza do persoal en fraude ao servizo do sector público autonómico galego [81966](#)

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

#### Rexeitamento da iniciativa

##### 22028 (11/MOC-000058)

###### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

###### González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Vigo (Moción consecuencia da Interpelación nº 12730, publicada no BOPG nº 112, do 17.3.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021) [81967](#)

##### 22066 (11/MOC-000059)

###### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

###### Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación nº 20679, publicada no BOPG nº 193, do 31.8.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021) [81967](#)

##### 22073 (11/MOC-000060)

###### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

###### Torrado Quintela, Julio



Sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación núm. 16688, publicada no BOPG núm. 152, do 9.6.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021) [81967](#)

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

### **Aprobación sen modificacións**

#### **I 21094 (11/PNP-001922)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e seis deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira [81967](#)

#### **I 21288 (11/PNP-001939)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e once deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 [81968](#)

### **Rexeitamento da iniciativa**

#### **I 16619 (11/PNP-001620)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia [81969](#)

#### **I 20105 (11/PNP-001835)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local [81969](#)

#### **I 20129 (11/PNP-001838)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao público das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada [81969](#)

#### **I 20651 (11/PNP-001878)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio [81969](#)

### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### ■ 21206 (11/PNC-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre o establecemento por parte da Xunta de Galicia de axudas á gandaría extensiva de montaña, de estratexias de mercado respecto da comercialización dos seus produtos e de compensacións pola coexistencia cos grandes carnívoros [81969](#)

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### ■ 21532 (11/PNC-002037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer á disposición das explotacións gandeiras galegas o servizo de seme sexado de Xenética Fontao [81970](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### ■ 21612 (11/PNC-002046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e a extinción de incendios [81971](#)

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de outubro de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias [81971](#)



## 2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

### 2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

#### Acordo desestimatorio

##### I 21213 (11/SCI-000006)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitude para a creación dunha Comisión de investigación co fin de analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas que se poden impulsar para a súa compensación e non repetición [81972](#)

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 27 de setembro de 2021 (Doc. Núm. 22011) [81974](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de outubro de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)]**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 23278, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, logo do acordo da Xunta de Portavoces na reunión do 13 de outubro de 2021, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [11/PL-000010 (doc. núm. 21016)], ata o día 13 de outubro de 2021, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 28 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

###### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

###### Rexeitamento da toma en consideración

- 11611 (11/PPLI-000001)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa popular para a extraordinaria consolidación de emprego e adquisición de fixeza do persoal en fraude ao servizo do sector público autonómico galego

BOPG nº 108, do 10.03.2021

Sométese a votación obtense o resultado de 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración



### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### Rexeitamento da iniciativa

- 22028 (11/MOC-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Vigo (Moción consecuencia da Interpelación nº 12730, publicada no BOPG nº 112, do 17.3.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.

- 22066 (11/MOC-000059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación nº 20679, publicada no BOPG nº 193, do 31.8.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 22073 (11/MOC-000060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación núm. 16688, publicada no BOPG núm. 152, do 9.6.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

###### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

##### Aprobación sen modificacións

- 21094 (11/PNP-001922)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e seis deputados/as máis



Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira  
BOPG nº 198, do 15.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 41 votos a favor, ningún votos en contra e 33 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Demandar ao Goberno de España, en colaboración co Banco de España e a CNMC, a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros, especialmente nas zonas rurais, e as súas consecuencias no seu desenvolvemento económico e social.

2º. Demandar ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.

Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta a súa prestación para todos os usuarios, con independencia do seu lugar de residencia, cunha calidade determinada e a un prezo accesible.

3º. En tanto en canto non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.»

- 21288 (11/PNP-001939)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e once deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53

BOPG nº 198, do 15.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53, que vertebra o interior de Galicia, comunicando Santiago e Ourense, similares ás que se acaban de aplicar na AP-9, tendo especialmente en conta os usuarios recorrentes e os transportistas e incluíndo as familias numerosas.»





## Rexeitamento da iniciativa

- 16619 (11/PNP-001620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia

BOPG nº 147, do 02.06.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 41 en contra e ningunha 14 abstencións.

- 20105 (11/PNP-001835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

BOPG nº 191, do 25.08.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 20129 (11/PNP-001838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao publico das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada

BOPG nº 191, do 25.08.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.

- 20651 (11/PNP-001878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio

BOPG nº 196, do 08.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 1 de outubro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 21206 (11/PNC-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre o establecemento por parte da Xunta de Galicia de axudas á gandería extensiva de montaña, de estratexias de mercado respecto da comercialización dos seus produtos e de compensacións pola coexistencia cos grandes carnívoros

BOPG nº 198, do 15.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Ampliar razoablemente o prazo de xustificación das axudas desde que se comunica a aprobación da axuda ata que se presenta a conta xustificativa co gasto.
2. Estudar, xunto cos propietarios de greas ou cos seus lexítimos representantes, estratexias para una comercialización da carne do poldro que ofrezca presos razoables e economicamente rendibles.
3. Elaborar medidas de apoio e estratexias de mercado a respecto da comercialización da carne de vacún en extensivo.
4. Establecer una liña específica de axudas dentro do ecoesquema de pastoreo extensivo do plan estratéxico galego para o novo PDR 2021-2027 que estableza un pago compensatorio polos servizos ambientais que prestan e outro pago polo servizo de mantemento e coexistencia cos grandes carnívoros (oso e lobo).»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 21532 (11/PNC-002037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer á disposición das explotacións gandeiras galegas o servizo de seme sexado de Xenética Fontao

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer á disposición das explotacións gandeiras galegas o servizo de seme sexado de Xenética Fontao o antes posible.»



## Rexeitamento da iniciativa

- 21612 (11/PNC-002046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e a extinción de incendios

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de outubro de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias**

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 5 de outubro de 2021 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adoptou o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## **2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

### **2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións**

#### **Acordo desestimatorio**

- 21213 (11/SCI-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitude para a creación dunha Comisión de investigación co fin de analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas que se poden impulsar para a súa compensación e non repetición

BOPG nº 198, do 15.09.2021

Sométese a votación e resulta desestimada por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## **4. Informacións e correccións de erros**

### **4.2. Correccións de erros**

#### **Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 27 de setembro de 2021**

Advertido un erro material, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 27 de setembro de 2021, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

#### **Procedementos de información**

##### **Preguntas para resposta por escrito**

#### **Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación**

Onde di:

«- 13241 - 13241 (11/PRE-003269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello do Carballiño BOPG nº 122, do 08.04.2021



Debe dicir:

- 22011 - 12341 (11/PRE-006123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a xestión da Consellería de Emprego e Igualdade en relación cos programas integrados de emprego (PIE)

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do doc. núm. 22011.»

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 12341**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión da Consellería de Emprego e Igualdade en relación cos programas integrados de emprego (PIE)”**, (publicada no BOPG número 112, do 17 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Débese sinalar que constitúen dúas entidades diferentes xa que no caso do Concello de Salceda de Caselas trátase dunha entidade local e no caso da Fundación trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e aínda que solicitaron unha subvención ao abeiro da mesma Orde de convocatoria de axudas non concorren ao crédito da mesma aplicación orzamentaria.

O artigo 4 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2020 establece que poderán ser beneficiarias desas subvencións:

- a) Os concellos, mancomunidade de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello
- b) As entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro

Establecéndose para cada unha delas un crédito orzamentario diferenciado e polo tanto as solicitudes presentadas compiten de forma separada e independente polo crédito convocado. Dado que se trata dunha convocatoria sometida ao procedemento de concorrencia competitiva (procedemento no que se comparan as solicitudes presentadas en aplicación duns criterios de valoración previamente fixados na convocatoria e se establece unha





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/09/2021 11:55:48  
**Nº Rexistro: 22011**  
Data envío: 17/09/2021 11:55:48.193

prelación das solicitudes en función da puntuación total acadada) a puntuación que acade cada entidade en aplicación do baremo establecido en relación co resto de solicitantes e a limitación orzamentaria de cada unha das aplicacións é o que determina que unha entidade resulte beneficiaria ou non.

Por outra banda sinálase que os créditos das convocatorias de subvencións para programas integrados de emprego de Galicia están financiados con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal. No ano 2020 produciuse unha importante redución dos fondos finalistas para a formación procedentes do Estado que foi acompañada dunha gran incerteza sobre a percepción real dos mesmos non existindo confirmación da percepción deses fondos ata o 30 de setembro de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/09/2021 11:55:48  
**Nº Rexistro: 22011**  
Data envío: 17/09/2021 11:55:48.193

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 11:55:44**

CSV: BOPGDSPGLrIJaZVL10  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

